

Edificio Xerencia
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel: 986 812 000 xerencia.uvigo.es
Fax: 986 812 000 desde xerencia.uvigo.es
 Registro Xeral

Salida N° 2013000107201
22/01/2013 09:34:05

NORMAS PARA A APLICACIÓN DA INSTRUCCIÓN XERENCIAL DE 30 DE OUTUBRO DE 2012: SEGUIMENTO DE AUSENCIAS DO TRABALLO E TRAMITACIÓN DE PARTES MÉDICOS.

Coa finalidade de precisar e asegurar o seguimento das ausencias ao posto de traballo de duración inferior a tres días por causas de saúde que non impliquen unha situación de incapacidade temporal así como no que atinxe á tramitación dos partes médicos de baixa, confirmación da baixa e alta médica, en desenvolvemento da Instrucción Xerencial do pasado 30 de outubro de 2012, ditada en aplicación do previsto no artigo 9 do Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, establecense os seguintes criterios/normas de actuación:

2. Será obligatoria a presentación do parte médico de baixa por I.T cando as ausencias teñan unha duración superior a tres días.
 - a) O prazo máximo para presentar os partes de baixa e de confirmación será de tres días, sendo de 24 horas para o parte de alta.
 - b) Segundo corresponda, os partes se entregarán a:

- Persoal docente e investigador (PDI) e persoal con contratos de carácter temporal financiados con cargo a proxectos, contratos ou convenios: secretaría dos departamentos respectivos.
 - Persoal de administración e servizos: persoa que exerce a xefatura da unidade, centro ou ámbito respectivo, ou a inferior xerárquica respectiva en ausencia daquela.
3. De xeito inmediato, as persoas quen os reciban os partes médicos remitirán o orixinal ao Servizo de Retribucións e Seguros Sociais e se a alta implicase o cesamento dalgunha persoa contratada, tamén ao Servizo de PAS (consultapas@uvigo.es) ou de PDI (consultapdi@uvigo.es) segundo proceda.
4. Se segundo o previsto na Instrucción Xerencial de 30 de outubro de 2012, a persoa interesada estimara a súa I.T. como "situación de carácter excepcional" deberá entregar xunto co parte médico de baixa unha solicitude acompañada (en sobre pechado) dun informe do facultativo do sistema nacional de saúde de atoparse nunha situación que dea dereito a percibir un complemento de ata o 100% das retribucións. Para facelo efectivo, o Servizo de Retribucións e Seguros Sociais recabará a autorización da Xerencia.

Estes criterios substitúen e deixan sen efecto á Circular sobre tramitación de partes médicos de baixa, confirmación de baixa e alta, do 13 de marzo de 2000.

Vigo, 22 de xaneiro de 2013

O XERENTE,



Manuel Fernández Jauregui